XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

SERVIZO GALEGO de SAÚDE

# Busca por categorías

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

SERVIZO GALEGO de SAÚDE

# ÍNDICE


1. ¿ QUE É A BUSCA POR CATEGORÍAS? .......................................................3
¿QUE DIFERENCIA HAI ENTRE BUSCA POR CATEGORIAS E METABUSCA? ..................................................................................3
3. ¿QUE SON OS GRUPOS DE RECURSOS-E OU *QUICKSETS*?.....................3
4. ¿CÓMO SEI QUE RECURSOS SE INCLÚEN EN CADA CATEGORÍA ? .......4
5. ¿PODO CREAR O MEU PROPIO GRUPO DE RECURSOS?..........................4
6. ¿COMO ATOPO MAIS INFORMACIÓN SOBRE UN RECURSO INDIVIDUAL.........................................................................................5
7. COMO BUSCAR PASO A PASO ..........................................................5
8. ¿PODO UTILIZAR TRUNCADOS NUNHA BUSCA?.......................................7

## 1. ¿ QUE É A BUSCA POR CATEGORÍAS?




A busca por categorías é unha opción de busca sinxela para usuarios non expertos.

É coñecida como busca rápida. Ofrece unha selección de recursos relevantes (grupos de recursos-e ou *quicksets*) por materias permitindo realizar metabuscas ( buscas simultáneas en varios recursos).

Utilice a busca por categorías para atopar de forma rápida e sinxela artigos, libros, teses, etc. publicados sobre unha materia.

## 2. ¿QUE DIFERENCIA HAI ENTRE BUSCA POR CATEGORIAS E METABUSCA?

Na metabusca vostede elixe os recursos nos que buscar, pero na busca por categorías é a biblioteca quen realiza a selección dos recursos. Ademais a metabusca ofrece funcións como refinar e gardar buscas que a busca por categorías non ofrece.

## 3. ¿QUE SON OS GRUPOS DE RECURSOS-E OU *QUICKSETS*?

Os grupos de recursos por categorías ou *quicksets* conteñen os recursos electrónicos máis importantes que a biblioteca ten nunha área temática. A condición é que teñen que ser recursos metabuscables ou buscables. Cada grupo inclúe un máximo de 10 recursos para non superar a capacidade de busca simultánea do sistema.

Se desexa coñecer todas os recursos dispoñibles sobre un tema concreto, terá que acudir ás opcións “Metabusca” ou” Buscar recursos-e”.

## 4. ¿CÓMO SEI QUE RECURSOS SE INCLÚEN EN CADA CATEGORÍA ?

Ao picar sobre o nome do grupo móstrase a lista dos recursos incluídos na categoría .




## 5. ¿PODO CREAR O MEU PROPIO GRUPO DE RECURSOS?

Ademais dos grupos predefinidos pola biblioteca (Recursos de medicina xeral, psiquiatría e psicoloxía, farmacia, recursos en castelán, etc.). Os usuarios rexistrados poden crear os seus propios grupos de categorías. Pode atopar mais información sobre como facelo consultando a “Guía do meu espazo”



## 6. ¿COMO ATOPO MAIS INFORMACIÓN SOBRE UN RECURSO INDIVIDUAL?

Pique no nome do grupo da categoría, para ver que recursos se inclúen. Despois, pique na icona de información para ver os detalles sobre cada recurso, os consellos para facer a busca, contrasinais, etc.




## 7. COMO BUSCAR PASO A PASO

1. Seleccione un grupo temático, unha vez que estea rexistrado. Si aparece un cadeado ao lado dos nomes das carpetas, significa que non se rexistrou e o sistema o recoñece como convidado.
2. Seleccione se desexa a busca simple ou avanzada



3. Na busca simple poderá introducir a súa consulta como unha frase e buscará estes termos xuntos, na orde en que foron escritos. Se o que quere é que aparezan en calquera parte do documento deberá utilizar os operadores *booleanos AND* e *OR* . Logo ten que picar no botón “Buscar”







As bases de datos se consultan simultaneamente e os resultados se mostrarán combinados, ordenados por ano e en formato táboa por defecto, pero vostede pode cambiar esta orde en calquera momento.

Na parte dereita da pantalla aparecen os resultados agrupados por temas, dats, títulos de revistas, autores, materias, etc. O número entre paréntese lle indica cantos recursos hai de cada epígrafe. Pode despregar as agrupación picando na icona .

Permítelle engadir o rexistro a súa selección

Permítelle acceder ao texto completo do artigo, se está subscrito ou gratuíto. Se non é así, poderá buscalo no catálogo de publicacións periódicas das bibliotecas do Sergas por si algunha delas está subscrita á revista.

A Busca Avanzada, ofrécelle mais posibilidades de busca como combinar buscas en diferentes campos utilizando os operadores booleanos ( Y,O,NO) ou delimitar a busca a campos concretos ( materia, título, autor, etc.)




## 8. ¿PODO UTILIZAR TRUNCADOS NUNHA BUSCA?

O símbolo utilizado para truncar é o interrogante “ ? “

“SMOK?”  Buscará *Smoke*, *Smoking*, etc.